XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/

UNIÓN EUROPEA

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019 / 2020

## DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

12 / 05 / 2020

## IES MONTE CASTELO - BURELA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/

UNIÓN EUROPEA

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

# 1º ESO

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

## Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| B1.7. Producir textos orais correctos, cohesionados e coherentes en intervencións espontáneas adecuadas á situación e intención comunicativa desexada. | LGB1.7.1.Produce textos orais, correctos, cohesionados e coherentes, en intervencións espontáneas adecuadas á situación e intención comunicativa desexada (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, así como a fonética galega (Competencia clave CCL).<br>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado (Competencia clave CCL). |
| B1.8. Participar activamente en situacións do ámbito académico (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expoñer conclusións). | LGB.1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito académico respectando as regras de interacción (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora en debates e coloquios (Competencias clave CCL, CSC). |
| B1.10. Producir discursos breves sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social. | LGB1.10.1. Intercambia información, expresa opinión, pide e dá indicacións en conversas informais (Competencias clave CCL, CSC, CSIEE, CCEC).<br>LGB1.10.2. Desenvólvese en situacións cotiás que impliquen solicitar información ou servizos (Competencias clave CSC, CSIEE). |

## Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| B2.1. Aplicar técnicas de análise de contido e de lectura comprensiva. | LGB2.1.1.Utiliza técnicas de análise e síntese: subliñados, esquemas e resumos (Competencias clave CCL, CCA).<br>LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e xerarquiza ideas (Competencia clave CCL).<br>LGB2.1.4. Busca o léxico descoñecido en dicionarios ou deduce o significado polo contexto (Competencias clave CCL, CCA).<br>LGB2.1.6. Busca información para completar os contidos das mensaxes en diferentes recursos: xornais, libros, enciclopedias, internet…) (Competencias clave CCL, CCA, CD). |
| B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relación sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado. | LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos da vida cotiá (Competencias clave CCL, CSC). |
| B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente os narrativos e descritivos. | LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente os narrativos e descritivos (Competencias clave CCL, CSC). |
| B2.6. Mostrar actitude crítica ante mensaxes que transmiten prexuízos e usos lingüísticos discriminatorios. | LGB2.6.1. Manifesta actitude crítica ante mensaxes que transmiten prexuízos e usos lingüísticos discriminatorios (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións que evidencian prexuízos relixiosos, racistas, sexistas |

| | |
|---|---|
| | (Competencias clave CCL, CSC). |
| B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e gramaticalmente correctos. | LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos para estruturar o texto. (Competencia clave CCL).<br>LGB2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal, segundo a situación comunicativa<br>(Competencia clave CCL).<br>LGB2.8.3. Utiliza elementos básicos para a conexión das ideas, como conectores básicos e concordancias (Competencia clave CCL).<br>LGB2.8.4. Puntúa correctamente (Competencia clave CCL). |
| B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos dos medios de comunicación, especialmente noticias, en calquera formato. | LGB2.10.1. Produce textos dos medios de comunicación, especialmente noticias, en calquera formato (Competencias clave CCL, CD, CSC).<br>LGB2.10.2. Coñece as estrutura do xornal e os elementos paratextuais que acompañan as noticias (Competencia clave CCL). |
| B2.11. Producir, en calquera soporte, textos da vida académica, especialmente resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas realizadas. | LGB2.11.1. Produce, en calquera formato, textos da vida académica, especialmente resumos, exposicións e conclusións (Competencias clave CCL, CD). |
| B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descricións, narracións e exposicións. | LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: narracións, descricións e exposicións (Competencia clave CCL). |
| B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC para a presentación dos escritos. | LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, o procesador de textos para presentar os escritos (Competencias clave CCL, CD).<br>LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para revisar a ortografía (Competencias clave CCL, CD). |
| | |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua.** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B3.1. Usar léxico amplo e preciso, incluído o traballado na aula. | LGB3.1.1. Utiliza un léxico amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación (Competencia clave CCL). |
| B3.3. Usar os dicionarios ou calquera forma de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma. | LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística e normativa en dicionarios e outras obras de consulta en diferentes soportes (Competencias clave CCL, CD). |
| B3.4. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. | LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega (Competencia clave CCL).<br>LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos (Competencia clave CCL). |
| B3.5.Analizar e usar correctamente a puntuación en relación coa cohesión textual. | LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual (Competencia clave CCL). |
| B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas clases de palabras, distinguindo as flexivas das non flexivas. | LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das distintas clases de palabras nos textos, distinguindo as flexivas das non flexivas (Competencias clave CCL, CAA). |
| B3.10. Recoñecer as modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa do emisor. | LGB3.10.1. Recoñece as modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa do emisor (Competencias clave CCL, CAA). |
| | |

| Bloque 4. Lingua e sociedade. | |
|---|---|
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo, o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e as culturas que a integran. | LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento de construción dos saberes, medio de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo a través da literatura oral e o xénero humorístico (Competencia clave CCL).<br>LGB4.1.2. Coñece as linguas faladas en Galicia (Competencia clave CCL).<br>LGB4.1.3. Coñece os territorios lusófonos (Competencia clave CCL). |
| B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir da análise das contornas do alumnado. | LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir da contorna do alumnado (Competencia clave CCL).<br>LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos (Competencia clave CCL). |
| B4.5. Identificar prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | LGB4.5.1. Coñece que é un prexuízo. Detéctaos, en relación ao galego, na súa práctica lingüística e na súa contorna (Competencias clave CCL, CSC). |
| B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego. | LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e distingue a zona dialectal de diversas producións lingüísticas (Competencia clave CCL). |
| | |
| **Bloque 5. Educación literaria.** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B5.1. Ler con regularidade e de maneira guiada obras literarias; expoñer opinión persoal sobre lecturas, relacionando o seu contido, se procede, coa propia experiencia e asimilando trazos estéticos. | LGB5.1.1. Le con regularidade, e de maneira guiada, obras literarias; expón opinión persoal sobre lecturas, relacionando o seu contido, se procede, coa propia experiencia e asimila trazos estéticos (Competencia clave CCL). |
| B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir das súas características máis xerais. | LGB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe diferenzas e similitudes (Competencia clave CCL).<br>LGB5.2.2. Diferenza textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos máis característicos (Competencia clave CCL). |
| B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer os elementos funcionais básicos. | LGB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece os elementos funcionais básicos (Competencia clave CCL). |
| B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | LGB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula (Competencias clave CCL, CCEC). |
| B5.7. Definir os trazos básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas. | LGB5.7.1. Define os trazos básicos do cómic como linguaxe artística (Competencias básicas CCL, CCEC).<br>LGB5.7.2. Define os trazos básicos da canción como linguaxe artística (Competencias básicas CCL, CCEC). |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

**A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.**

- **PROCEDEMENTOS:**

Seguiranse os establecidos na programación de referencia para a primeira e segunda avaliación.
Na terceira avaliación realizaranse tarefas de repaso , reforzo ou recuperación dos contidos que se traballaron nos dous primeiros trimestres, atendendo sempre aos estándares de aprendizaxe e ás competencias clave referidas anteriormente.

- **INSTRUMENTOS:**

As tarefas que se propoñen para o trimestre final do curso tratan de incidir naqueles aspectos básicos da materia, como son a comprensión e expresión escrita. Neste caso, utilizaranse todo tipo de textos, acompañados dunha serie de cuestións sobre a comprensión dos mesmos. Outro tipo de actividades terán que ver coa produción textual. Ademais, aproveitaranse estas tarefas para traballar o léxico, nomeadamente, o que se viu nos trimestres anteriores, a puntuación e a ortografía. Tamén haberá actividades específicas relacionadas con estes apartados. Malia ás dificultades que provoca o traballo telemático, tampouco se pode esquecer a comprensión e a expresión oral. Neste caso valoraranse todas as intervencións orais que faga o alumnado a través de audio ou de videoconferencia.
Amais de realizar estas tarefas, faranse probas telemáticas para valorar o grao de asimilación dos contidos que se van repasar neste trimestre.

- **CUALIFICACIÓN FINAL**

  - A cualificación final será a nota media da primeira e da segunda avaliación.
  - O alumnado que, logo de facer a media das dúas avaliacións, acade unha cualificación de cinco ou superior ao cinco terá a materia aprobada.

a) **O alumnado coa materia aprobada pode subir a nota final realizando tarefas de repaso, reforzo e/ou ampliación.**
   - A realización destas tarefas nunca vai penalizar a cualificación final do alumnado.
   - Neste caso, a cualificación final acadarase tal e como se indica no cadro que figura a continuación:

| ALUMNADO APROBADO QUE QUERE SUBIR A NOTA FINAL | Porcentaxes parciais | Porcentaxe final |
|---|---|---|
| **A. NOTA MEDIA DAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS** | | **80%** |
| **B. REALIZACIÓN DE TAREFAS DE REPASO, REFORZO E/OU AMPLIACIÓN** | | **20%** |
| – Comprensión lectora | **40%** | |
| – Produción textual | **40%** | |
| – Léxico | **5%** | |

| | | |
|---|---|---|
| – Ortografía | **15%** | |
| – Comprensión e expresión oral | **Só se terá en conta para o redondeo da nota final** | |

**b) O alumnado que, logo de facer a media das dúas avaliacións, acade unha cualificación inferior a cinco terá a materia suspensa.**

- Para poder aprobala, cómpre que realice actividades de recuperación que coincidirán coas que desenvolvan os compañeiros e compañeiras que optan á mellora da nota, ademais dunha proba telemática sobre os contidos traballados no trimestre final do curso
- Daquela, a cualificación final acadarase tal e como se indica no cadro que figura a continuación:

| **ALUMNADO COA MATERIA SUSPENSA** | **Porcentaxes** |
|---|---|
| ■ **Actividades de recuperación:** | |
| – Comprensión lectora | **30%** |
| – Produción textual | **30%** |
| – Léxico | **5%** |
| – Ortografía | **10%** |
| ■ **Proba telemática:** | |
| – Práctica: proba de respostas abertas | **25%** |

- **Algúns aspectos que se terán en conta tanto para o alumnado que pretende subir nota como para o que ten que recuperar a materia:**
  - As actividades haberá que entregalas dentro dos prazos establecidos para cada unha delas.
  - As tarefas que se entreguen fóra das datas indicadas penalizaranse cun 40% menos na cualificación das mesmas
  - As tarefas copiadas doutro compañeiro/a, as que sexan un corta e pega dos apuntamentos ou de páxinas de internet, así como as que teñan máis do 50% das respostas en branco tampouco se contarán como realizadas.
  - A parte práctica da proba telemática ten que ser mecanografada. O emprego de calquera outro sistema, incluído o ditado a través do recoñecemento de voz, anularán esta tarefa.
  - As probas telemáticas que non se entreguen no prazo estipulado non contabilizarán como realizadas.

**PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO**

Como aínda non está clara a situación que pode haber no mes de setembro, barállanse dúas opcións para desenvolver esta proba:

a) **De poder realizar a proba presencial**, farase un exame sobre os contidos, atendendo aos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave que figuran na programación xeral, correspondentes ás dúas avaliacións presenciais do curso 2019/20.

b) **De manterse a restrición de alumnado ao centro** na data establecida para realizar a proba correspondente á convocatoria extraordinaria de setembro, o profesor indicaralle ao alumnado coa materia suspensa, a través de EDIXGAL, as tarefas que deberán facer para esta data. As actividades serán similares ás que se traballaron no trimestre final do curso, é dicir, de comprensión lectora, de produción textual, de léxico e de ortografía. Ademais, levarase a cabo unha proba telemática que responderá as mesmas características que a que se celebrou no mes de xuño. As porcentaxes para obter a cualificación desta convocatoria extraordinaria son as mesmas que se van utilizar para acadar a nota final do alumnado con materia suspensa.

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

### ACTIVIDADES:

Dende o comezo do curso estase a traballar co libro dixital EDIXGAL, daquela, aproveitaranse algunhas actividades do libro que non se desenvolveron nas primeiras avaliacións para facelas agora. Ademais o profesor proporá outras actividades alternativas que teñan que ver cos estándares de aprendizaxe que se van traballar neste período e que, como se indicou máis arriba, teñen que ver coa comprensión e expresión escrita.
Así, ao longo das semanas iranse subindo á plataforma as tarefas coas instrucións correspondentes sobre como deben realizalas, procesadores de texto que deben empregar, como envialas, data de entrega, etc.

### METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)

Utilizarase, como xa se fixo ao longo do curso, a plataforma EDIXGAL. Nela teñen todo o temario, xunto coas actividades que se desenvolveron nas dúas primeiras avaliacións.
Como xa se indicou antes, cando se suban as tarefas á plataforma, tamén se indicará a data de entrega. Despois desas datas, o profesor subirá á aula solucións coas respostas correctas daquelas tarefas que teñan que ver con completar espazos baleiros. En calquera momento o profesor poderá pedir de forma aleatoria fotos do caderno onde terían que figurar esas correccións. Así mesmo, o docente contactará semanalmente co alumnado para ver que dificultades ten á hora de desenvolver o traballo, se ten problemas de conectividade, se está a realizar o traballo proposto, etc. Outra ferramenta importante para contactar co alumnado, resolver dúbidas, etc. é o programa de videoconferencia Webex. Ademais, procurarase contactar co alumnado, en grupos reducidos, para que haxa unha comunicación fluída co profesor e entre eles mesmos, para que se manteña a relación de grupo que tiñan nas clases presenciais.

### MATERIAIS E RECURSOS

Debido as circunstancias extraordinarias do terceiro trimestre do curso, a actividade docente realizarase mediante a vía telemática. Daquela, trataranse de aproveitar todas as posibilidades que ofrece a plataforma EDIXGAL, para levar a cabo o proceso ensino-aprendizaxe da mellor forma posible. Así, amais de empregar os textos, tamén se desenvolverán algunhas actividades que figuran no libro dixital. Neste caso, o alumnado realizará as actividades desde o espazo Smartclassroom e enviarallas ao docente. Para desenvolver outras tarefas, recorrerase a todo tipo de textos (xornalísticos, literarios, etc.) que irán acompañados de cuestións para traballar algúns dos aspectos que se citaron noutros apartados. Así mesmo, o alumnado terá que empregar dicionarios de galego dixitais ou consultar páxinas de internet para buscar información antes de desenvolver algunha actividade. Outra ferramenta importante no proceso educativo deste trimestre será o uso da videoconferencia Webex para contactar co alumnado e para explicar as dúbidas que formule o alumnado.

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/

UNIÓN EUROPEA

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

# 2º ESO

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar** | |
| • B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos. | • LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). |
| • B1.4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas | • LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. |
| | • LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | |
| • B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión. | • LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. |
| | • LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. |
| | • LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet. |

| | |
|---|---|
| • B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto. | • LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. |
| | • LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) |
| | • LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. |
| • B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | • LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). |
| • B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos. | • LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos. |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | |
| | |
| • B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos. | • B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos. |
| • B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.ual. | • LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. |
| | • LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. |
| • B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais. | • LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. |
| | |

| Bloque 4. Lingua e sociedade | |
|---|---|
| | |
| • B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno. | • B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno. |
| • B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran. | • LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. |
| • B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | • LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. |
| | |
| **Bloque 5. Educación literaria** | |
| | |
| • B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | • LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais |
| B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | • LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. |

## 2. Avaliación e cualificación

**A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.**

| | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br><br>Nos dous primeiros trimestres foron fundamentalmente: a observación na aula, a realización das tarefas , as probas escritas da materia, os traballos de exposición individuais ou en equipo e as probas sobre libros de lectura obrigatoria.<br><br>No último trimestre estanse a realizar tarefas de repaso , reforzo ou recuperación dos contidos que se traballaron nos dous primeiros trimestres, atendendo sempre aos estándares de aprendizaxe e realizando actividades de diversa índole: busca de información, resumo, argumentación, etc. |
| | **Instrumentos:**<br><br>Nos dous primeiros trimestres: probas escritas sobre a materia e libros de lectura, tarefas no caderno, pequenos traballos de investigación, escalas de logro.<br><br>No terceiro trimestre: realización de actividades a través de internet. |
| **Cualificación final** | Será a nota media das cualificacións dos dous primeiros trimestres.<br><br>Á mesma poderá sumarse a nota acadada coa realización das actividades realizadas de maneira non presencial no terceiro trimestre. Nese caso poderá ter un peso na cualificación de a ta un 20 %.<br><br>A cualificación de actividades deste trimestre non presencial tamén servirá de recuperación para alumnos suspensos no primeiro e/ou segundo trimestre. |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


| | |
|---|---|
| **Proba extraordinaria de setembro** | Realización dunha proba escrita da materia dos dous primeiros trimestres.<br><br>De non poderse levar a cabo de xeito presencial, porque así o indiquen as autoridades sanitarias e educativas, actividades e traballos alternativos de recuperación que se farán chegar ao alumnado a través de E-Dixgal e que deberán realizar nun prazo indicado |
| **Alumnado de materia pendente** | **Criterios de avaliación:**<br><br>Acadar os obxectivos mínimos da programa de 1º de ESO. |
| | **Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación:**<br><br>-Probas xerais escritas de recuperación xa realizadas nos dous primeiros trimestres do curso.<br><br>-Asistencia de xeito regular á clase de atención a pendentes ao longo dos dous primeiros trimestres<br><br>-Para os alumnos que non acadaran aínda o aprobado, realización de actividades non presenciais neste último trimestre.<br><br>-Estes alumnos recuperarán a materia se:<br><br>-realizan as tarefas que dispoña o departamento.<br><br>-son estregadas no prazo indicado<br><br>-se presentan completas e cunha corrección mínima. |
| | |

| 3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades propostas este trimestre serven de repaso , reforzo e , ao mesmo, tempo de recuperación:<br><br>Actividade 1: o texto poético<br><br>Esta actividade consiste na audición de dous textos poéticos (Matriarcas e Sementeira) e a súa posterior análise seguindo os criterios vistos na aula. O obxectivo era que o alumnado refrescase nocións xa vistas (rima, métrica, estrofa, tipoloxía...) e practicase o comentario de texto.<br><br>Actividade 2: a normativización<br><br>Esta tarefa estriba no proceso de normativización e nas diferentes tendencias lingüísticas presentes en Galiza. A actividade pretende fomentar o pensamento crítico a través da investigación autónoma dos diferentes conceptos.<br><br>Actividade 3: o verbo<br><br>Esta actividade consiste na análise das formas verbais presentes nunha canción. O alumnado tiña que escoitar a canción e detectar os verbos. Unha vez sinalados, tiñan que analizar quince formas verbais en función do seu tempo, modo, persoa e número. Ademais, dos cinco primeiros debían facer unha táboa onde sinalen a raíz, a vogal temática e os sufixos.<br><br>Actividade 4: a normativización (2)<br><br>Esta actividade é unha continuación da segunda. Unha vez teñan claros os conceptos relativos ao proceso de normativización, deben examinar dous xornais en liña (Novas da Galiza e Nós Diario) do punto de vista lingüístico. Isto serviralle para observar como se levan a cabo as distintas tendencias. Alén de saber o que é teoricamente o reintegracionismo e o isolacionismo, tamén poderán analizar como se consolidan na práctica.<br><br>Actividade 5: a lingua habitual<br><br>Esta tarefa consiste na análise dunha gráfica onde se relaciona o uso |

| | |
|---|---|
| | lingüístico e a idade. Isto faralles ver que o número de usuarios e usuarias non é determinante na supervivencia da lingua, xa que os datos son interpretábeis. A presente actividade afonda na adquisición do pensamento crítico e na reflexión sobre distintas cuestións do noso día a día.<br><br>Actividade 6: a redacción<br><br>Un dos grandes problemas do alumnado deste curso é a capacidade para redactar sen grallas ortográficas e de forma comprensíbel. Esta tarefa pretende que dediquen un tempo a escribir sobre un tema de actualidade e traballen a súa capacidade narrativa.<br><br>-E todas as demais actividades que se vaian propoñendo ao alumnado ata o remate de curso. Serán relacionadas cos criterios e estándares sinalados anteriormente na presente programación, así como en contidos de repaso de aspectos xa traballados nos dous primeiros trimestres e que o/a docente considere básicos. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Comunicación cos alumnos por internet a través da plataforma E-Dixgal e a través do correo electrónico. Xeralmente o profesor envía textos, apuntamentos e actividades que os alumnos reenvían para volver a ser corrixidos, cualificados e/ou comentados polo profesor..<br><br>O docente achega posteriormente as solucións das actividades en documentos e utiliza vídeos explicativos naqueles contidos que coida máis complicados. |
| **Materiais e recursos** | No terceiro trimestre, internet a través da plataforma E-Dixgal, e correo electrónico. |

## 4. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

# 3º ESO

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| | |
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e fala** | |
| B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos. | • LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. |
| | • LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos. |
| | • LGB1.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos. |
| B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. | • LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. |
| | |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | |
| | |
| • B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. | • LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos. |
| | • LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais. |
| .B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicande e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.s e reportaxes. | • LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes. |
| B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información. | • LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. |
| B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións. | • LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. |
| B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con | • LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar |

| | |
|---|---|
| respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. | contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito. |
| B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas. | • LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos. |
| | |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | |
| | |
| B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais. | LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. |
| | LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual. |
| B3.6. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais. |
| B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación. | LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente. |
| B3.8. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan. | LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan. |
| B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros. | LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores. |
| B3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos. | LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor. |
| | |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** | |
| | |
| B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural. | LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura. |
| | LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega |
| | LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística. |

| | |
|---|---|
| | LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega. |
| B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega. | LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas. |
| B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. | LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego. |
| B4.4. Recoñecer os principias elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916. | LGB4.4.1. Recoñece os principias elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. |
| | LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. |
| | LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. |
| | LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. |
| B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. |
| | |
| **Bloque 5. Educación literaria.** | |
| | |
| B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. | LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. |
| B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período. | LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. |
| B5.5. Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas. | LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes. |
| B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión | LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. |

| | |
|---|---|
| dos sentimentos e xuízos. | |

## 2. Avaliación e cualificación

**A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.**

| | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br><br>Nos dous prImeiros trimestres foron fundamentalmente: a observación na aula, a realización das tarefas , as probas escritas da materia, os traballos de exposición individuais ou en equipo e as probas sobre libros de lectura obrigatoria.<br><br>No último trimestre estanse a realizar tarefas de repaso , reforzo ou recuperación dos contidos que se traballaron nos dous primeiros trimestres, atendendo sempre aos estándares de aprendizaxe e realizando actividades de diversa índole: busca de información, resumo, argumentación, etc. |
| | **Instrumentos:**<br><br>Nos dous primeiros trimestres: probas escritas sobre a materia e libros de lectura, tarefas no caderno, pequenos traballos de investigación, escalas de logro.<br><br>No terceiro trimestre: realización de actividades a través de internet. |
| **Cualificación final** | Será a nota media das cualificacións dos dous primeiros trimestres.<br><br>Á mesma poderá sumarse a nota acadada coa realización das actividades realizadas de maneira non presencial no terceiro trimestre. Nese caso poderá ter un peso na cualificación de ata un 20 %.<br><br>A cualificación de actividades deste trimestre non presencial tamén servirá de recuperación para alumnos suspensos no primeiro e/ou segundo trimestre. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Realización dunha proba escrita da materia dos dous primeiros trimestres.<br><br>De non poderse levar a cabo de xeito presencial, porque así o indiquen as autoridades sanitarias e educativas, actividades e traballos alternativos de recuperación que se farán chegar ao alumnado a través de da Aula Virtual e que deberán realizar nun prazo indicado. |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


| | |
|---|---|
| **Alumnado de materia pendente** | **Criterios de avaliación:**<br><br>Acadar os obxectivos mínimos da programa de 2º de ESO. |
| | **Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación:**<br><br>-Probas xerais escritas de recuperación xa realizadas nos dous primeiros trimestres do curso.<br><br>-Asistencia de xeito regular á clase de atención a pendentes ao longo dos dous primeiros trimestres.<br><br>-Para os alumnos que non acadaran aínda o aprobado,<br><br>realización de actividades non presenciais neste último trimestre.<br><br>-Os alumnos recuperarán a materia se:<br><br>-realizan as tarefas que dispoña o departamento.<br><br>-son estregadas no prazo indicado<br><br>-se presentan completas e cunha corrección mínima. |

| 3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre** (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades serven de repaso , reforzo e , ao mesmo tempo,de recuperación:<br><br>Actividade 1: a lingua e a literatura dos séculos XV-XVIII<br><br>Esta actividade consiste na realización dun mapa conceptual a través dunha ferramenta (bubbl.us) que pode ser moi útil de cara ao seu futuro. O obxectivo desta actividade era que lesen o tema 6 e entendesen o acontecido nesa época da nosa historia. Alén disto, tamén se tentaba que distinguisen a información relevante da superflua.<br><br>Actividade 2: o pronome persoal<br><br>Esta tarefa consiste na realización dunha ficha con dous exercicios diferentes. No primeiro debían substituír o complemento directo e indirecto polo seus respectivos pronomes persoais átonos. No segundo, por súa vez, debían colocar TE ou CHE segundo correspondese, tendo en conta tamén a súa colocación na frase.<br><br>Actividade 3: a opinión persoal<br><br>Esta tarefa pretende afondar na detección de prexuízos lingüísticos presentes nun vídeo de YouTube. A actividade fomenta o debate entre o alumnado e busca que saiban argumentar a favor ou en contra e, en suma, saiban rebater.<br><br>Actividade 4: A normativización<br><br>O obxectivo desta actividade era fomentar o pensamento crítico a través da investigación autónomo de conceptos relacionados co proceso de normativización. A tarefa consistía en procurar na rede información sobre tres conceptos, atopar unha relación entre eles e, en suma, analizar a súa posta en práctica coa análise de dous xornais (Novas da Galiza e Nós Diario)<br><br>Actividade 5: linguas minorizadas, minoritarias, hexemónicas e maioritarias |

| | |
|---|---|
| | Esta actividade está constituída por dúas partes. Nun primeiro momento deben definir os conceptos e, unha vez definidos, enmarcar unha serie de linguas segundo sexan maioritarias, minoritarias, minorizadas ou hexemónicas. O obxectivo desta tarefa estriba en que perciban que o número de falantes non está relacionado coa súa posibilidade de supervivencia. Para isto escollemos linguas prototípicas (galego, bretón, islandés e bengalí), onde cada unha delas representa unha casuística diferente.<br><br>Actividade 6: o texto narrativo<br><br>Esta actividade consiste na análise dun texto narrativo (O xogo da guerra de Carlos Casares) a través da perspectiva vista na aula. Para a súa realización indicóuselle que tiñan que seguir o patrón marcado no libro de texto para así non esquecer ningún aspecto importante.<br><br>-E todas as demais actividades que se vaian propoñendo ao alumnado ata o remate de curso. Serán relacionadas cos criterios e estándares sinalados anteriormente na presente programación, así como en contidos de repaso de aspectos xa traballados nos dous primeiros trimestres e que o/a docente considere básicos. |

## Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

- Comunicación cos alumnos por internet a través da Aula Virtual e do correo electrónico. Xeralmente o profesor envía textos, apuntamentos e actividades que os alumnos reenvían para volver a ser corrixidos, cualificados e comentados polo profesor.

- O/A docente achega posteriormente as solucións das actividades en documentos e utiliza vídeos explicativos naqueles contidos que coida máis complicados.

## Materiais e recursos

- No terceiro trimestre, internet a través da Aula Virtual, e correo electrónico.

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



## 4. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

# 3º ESO PMAR

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


**REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DE PMAR COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN PROVOCADA POLO COVID19**

## Obxectivos:

a/ Asumir os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualade de trato e oportunidades entre mulleres e homes para o exercicio da cidadanía democrática.

b/ Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.

c/ Valorar a diferenza de sexos e a igualdade entre eles; rexeitar todo tipo de discriminación, sexual, persoal ou social; rexeitar os estereotipos e calquera manifestación de violencia contra a muller.

d/ Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos, persoais ou relacionais, rexeitar sexismos, violencias e resolver pacificamente os conflitos.

e/ Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos, especialmente no campo das TICS.

f/ Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, estruturado en disciplinas, e coñecer e aplicar métodos para identificar problemas en diversos campos de coñecemento e experiencia.

g/ Desenvolver un espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, participación, sentido crítico, iniciativa e capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisión e asumir responsabilidades.

h/ Comprender e expresar por escrito e oralmente nas linguas galega e castelá textos e mensaxes complexas e iniciarse na lectura e na literatura.

l/ Coñecer, valorar e respectar a historia propia e allea, o patrimonio artístico e cultural e as persoas que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega e mundial.

m/ Coñecer o funcionamento do propio corpo e o alleo, respectar as diferenzas, afianzar hábitos de saúde corporais e incorporar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Contribuír á conservación e mellora dos seres vivos e o medio ambiente.

n/ Apreciar a creación artística e comprender as linguaxes das diversas manifestacións artísticas.

ñ/ Coñecer os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural histórico e artístico de Galicia, participar na súa mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural.

o/ Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para manter a nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, con especial destaque á comunidade lusófona.

**OBXECTIVOS: creo que os obxectivos xerais que nos propuxemos a comezos de curso estarían cumpridos dado que na 1ª e a 2ª avaliación estarían tocados todos os temas correspondentes; nesta 3ª o que estamos facendo é repasar e reforzar os obxectivos acadados , especialmente nas destrezas relacionadas coas TICS , a comprensión e expresión escrita nas dúas linguas da comunidade, a toma de decisións e a asunción de responsabilidades.**

**.......................................................................................................................................................**

## Contidos. Relación cos obxectivos

### Bloque 1. Comunicación oral

### Bloque 2. Comunicación escrita

**CONTIDOS EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS:**

**A comunicación oral quedou truncada nesta última etapa do curso pero viuse compensada por unha maior comunicación escrita, a única posible dadas as actuais circunstancias. Seguimos reforzando as regras ortográficas e morfolóxicas das dúas linguas a base de lecturas e os conseguintes exercicios : uso da biblioteca virtual, produción de textos de diversa tipoloxía, uso dun léxico cada vez máis amplo, e uso das TIC como único medio de comunicación a través da escrita.**

### Bloque 4.

**A LITERATURA:**

**A literatura medieval, renacentista e barroca da literatura española foi vista nas dúas primeiras avaliacións; a ilustración ficou pendente dado que non se podían ampliar contidos.**

**Coa literatura galega sucedeu o mesmo: a liter. Galega medieval e a dos séc Escuros quedou vista; o noso último tema foi o dos Padres da Ilustración Galega.**

**O noso traballo nesta 3ª avaliación consiste en descubrir novas lecturas dos autores comentados con anterioridade.**

### Bloque 5. O medio físico e o espazo humano

**Os temas 1, 3, 4 e 5 ficaran vistos e avaliados nos dous primeiros trimestres. Agora facemos comentarios de textos e exercicios relacionados cos mesmos.**

## Bloque 6. A historia

**Os temas 1, 2 e 5 estaban estudados e avaliados; agora limitámonos a repasar conceptos con exercicios escritos**

## Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Relación coas competencias clave

### Bloque 1. Comunicación oral

**Todo o que estabamos facendo neste apartado quedou interrompido no 3º trimestre; a nosa comunicación oral limítase a algunha videoconferencia e ao teléfono móbil ( chamadas, wassap en grupo ou individual). As TIC son unha magnífica ferramenta para manter o contacto.**

### Bloque 2. Comunicación escrita

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


**Como é lóxico, a comunicación escrita viuse enormemente reforzada: a elaboración de textos de diversa tipoloxía, o uso das TIC como medio de comunicación a través da escrita...como consecuencia, a ampliación do léxico a partir das lecturas e exercicios de comprensión lectora.**

**Os bloques 4 , 5 e 6 creo que xa foron exhaustivamente comentados con anterioridade.**

**Contidos mínimos:**

**Pensamos que os contidos mínimos foron acadados, aínda que a última parte da Hª de España e Galicia, así como a última etapa das dúas literaturas quedara sen ver. Para compensar, volvemos a revisar aspectos dos contidos da 1ª e 2ª avaliación**

**..........................................................................................................................................**

## Concreción de estándares que forman parte dos perfís competenciais da materia.

**Visto que todo o grupo aprobou a 1ª avaliación e case tod@s aprobaron a 2ª non creo que sexa difícil o aprobado final dado que tod@s están entregando as actividades propostas. Ben é certo que haberá diferenzas entre o simple APROBADO e o SOBRESALIENTE.**

**..........................................................................................................................................**

## Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A avaliación dos alumnos baséase en dous elementos:

• O traballo diario, a participación activa nas clases e a correcta expresión oral da lingua.

• Os exames ou probas escritas.

## Avaliacións parciais e final

Para obter unha avaliación final positiva, serán requisitos imprescindibles os seguintes:

• A superación das probas escritas (mínimo, unha por avaliación e materia coas correspondentes recuperacións) e, no seu caso, orais, realizadas ao longo do curso. Nas probas escritas valorarase, ademais dos coñecementos demostrados, a corrección expresiva (ortografía, presentación, puntuación...) A cualificación obtida nestas probas completarase con:

- A realización de todas as tarefas encomendadas pola profesora ao longo do curso; inclúese neste apartado, ademais, o caderno de actividades e a lectura dos libros seleccionados pola profesora.

- A participación activa nas clases, o traballo diario na aula, a puntualidade na entrega de exercicios, traballos e tarefas, e a coidadosa utilización do noso idioma en todas as intervencións orais.

A cualificación final resultará da media obtida nas tres materias que compoñen o ámbito e supoñerá ter superado cada unha delas.

Aquí teremos que matizar que a cualificación do último trimestre baséase, como é de supor, na realización de tarefas escritas recomendadas pola profe e na lectura dos libros e textos prescritos co afán de repasar a materia dos dous primeiros trimestres

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


**LECTURAS OBRIGATORIAS:** **Europa Express** **de Andrea Maceiras,** **Una habitación en Babel** **de Eliacer Cansino,** **O misterio do torques de Burela** **de Antía Yañez,** **El rostro de la sombra** **de Alfredo Gómez Cerda e** **Cartas de inverno** **de Agustín Fernández Paz**

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

# 4º ESO

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| **Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar** | |
| • B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. | • LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante. |
| | • LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos. |
| • B1.8. Manifesta una actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias. | • LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | |
| LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións | • LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. |
| • B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. | • LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas. |
| • B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital. | • LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes. |
| | • LGB2.8.2. Sérvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos. |
| B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). | • LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente. |

| | |
|---|---|
| • B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións. | • LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega. |
| • B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes. | • LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes. |
| LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. | LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa. |
| | LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida. |
| | |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | |
| | |
| • B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega. | • LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos. |
| • B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | • LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos. |
| • B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos. | .LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. |
| | • LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. |
| • B3.12. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada. | • LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual. |
| | |
| Bloque 4. Lingua e sociedade. | |
| | |
| • B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. | • LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI. |

| | |
|---|---|
| • B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. | • LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. |
| • B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916. | LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade |
| | • LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. |
| | LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 |
| • B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | • LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. |
| • B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. | • LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. |
| | **.**LGB4.**7.2.** Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega |
| | • LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas. |
| | |
| Bloque 5. Educación literaria. | |
| | |
| • B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período. | • LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura. |
| | • LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente |
| • B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización | • LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita |

| | |
|---|---|
| de traballos e cita axeitada destes. | axeitada destes. |
| • B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula |
| | |

## 2. Avaliación e cualificación

**A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.**

| | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br><br>Nos dous prImeiros trimestres foron fundamentalmente: a observación na aula, a realización das tarefas , as probas escritas da materia, os traballos de exposición individuais ou en equipo e as probas sobre libros de lectura obrigatoria.<br><br>No último trimestre estanse a realizar tarefas de repaso , reforzo ou recuperación dos contidos que se traballaron nos dous primeiros trimestres, atendendo sempre aos estándares de aprendizaxe e realizando actividades de diversa índole: busca de información, resumo, argumentación, etc. |
| | **Instrumentos:**<br><br>Nos dous primeiros trimestres: probas escritas sobre a materia e libros de lectura, tarefas no caderno, pequenos traballos de investigación, escalas de logro.<br><br>No terceiro trimestre: realización de actividades a través de internet. |
| **Cualificación final** | Será a nota media das cualificacións dos dous primeiros trimestres.<br><br>Á mesma poderá sumarse a nota acadada coa realización das actividades realizadas de maneira non presencial no terceiro trimestre. Nese caso poderá ter un peso na cualificación de ata un 20 %.<br><br>A cualificación de actividades deste trimestre non presencial tamén servirá de recuperación para alumnos suspensos no primeiro e/ou segundo trimestre. |

| | |
|---|---|
| **Proba extraordinaria de setembro** | Proba escrita xeral da materia dos dous primeiros trimestres.<br><br>De non poderse levar a cabo de xeito presencial, porque así o indiquen as autoridades sanitarias e educativas, actividades e traballos alternativos de recuperación.Será a nota media das cualificacións dos dous primeiros trimestres.<br><br>A cualificación de actividades deste trimestre non presencial tamén servirá de recuperación para alumnos suspensos no primeiro e/ou segundo trimestre. |
| **Alumnado de materia pendente** | **Criterios de avaliación:**<br><br>Acadar os obxectivos mínimos da programa de 3º de ESO. |
| | **Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación:**<br><br>Os alumnos coa materia pendente de 3º de ESO están xa aprobados e cualificados nas probas xerais escritas e presenciais realizadas nos dous primeiros trimestres. |
| | |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades serven de repaso , reforzo e , ao mesmo tempo,de recuperación:<br><br>Actividade 1: a literatura de posguerra<br><br>O último tema de literatura visto nas aulas foi o relativo á literatura de posguerra, por tanto, a primeira actividade consiste na confección dun mapa conceptual deste tema. Alén disto, tamén se lle achegou un texto de Cunqueiro (O Bolimarte) para analizar. O obxectivo deste traballo era que lesen o tema, o esquematizasen e atopasen os trazos máis importantes da obra de Cunqueiro nunha das súas creacións.<br><br>Actividade 2: análise sintáctica<br><br>Nesta tarefa achegámoslle dúas estruturas coordinadas para analizar en forma de árbore.<br><br>Actividade 3: a lusofonía<br><br>O obxectivo desta actividade era fomentar o pensamento crítico a través da investigación autónomo de conceptos relacionados co proceso de normativización. A tarefa consistía en procurar na rede información sobre tres conceptos, atopar unha relación entre eles e, en suma, analizar a súa posta en práctica coa análise de dous xornais (Novas da Galiza e Nós Diario)<br><br>Actividade 4: a opinión persoal<br><br>Esta tarefa pretende afondar na detección de prexuízos lingüísticos presentes nun vídeo de YouTube. A actividade fomenta o debate entre o alumnado e busca que saiban argumentar a favor ou en contra e, en suma, saiban rebater.<br><br>Actividade 5: o comentario crítico<br><br>Nesta actividade achegámoslle un tema de actualidade sobre o que deben crear un comentario crítico. O tema escollido, as consecuencias do COVID-19, achamos que pode dar moito para falar. O obxectivo desta tarefa é traballen sobre a creación dun texto formal, con introdución-desenvolvemento-conclusión, parágrafos ben marcados, unidade textual e |

| | |
|---|---|
| | todo tipo de cuestións relativas á coherencia, cohesión e adecuación.<br><br>Actividade 6: o texto narrativo<br><br>Esta actividade consiste na análise dun texto narrativo (O xogo da guerra de Carlos Casares) a través da perspectiva vista na aula. Para a súa realización indicóuselle que tiñan que seguir o patrón marcado no libro de texto para así non esquecer ningún aspecto importante.<br><br>-E todas as demais actividades que se vaian propoñendo ao alumnado ata o remate de curso. Serán relacionadas cos criterios e estándares sinalados anteriormente na presente programación, así como en contidos de repaso de aspectos xa traballados nos dous primeiros trimestres e que o/a docente considere básicos. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Comunicación cos alumnos por internet a través da Aula Virtual e do correo electrónico. Xeralmente o profesor envía textos, apuntamentos e actividades que os alumnos reenvían para volver a ser corrixidos, cualificados e comentados polo profesor.<br><br>O/A docente achega posteriormente as solucións das actividades en documentos ou utiliza vídeos explicativos naqueles contidos que coida máis complicados |
| **Materiais e recursos** | No terceiro trimestre, internet a través da Aula Virtual, e correo<br><br>electrónico. |

## 4. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

# 1º BAC

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| | |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | |
| B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade. | LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. |
| | LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe. |
| | LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto. |
| | LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto. |
| B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. | LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada. |
| | LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro. |

| | |
|---|---|
| | LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións. |
| | LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística. |
| | LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. |
| B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios). |
| | LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. |
| | LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo. |
| | LGB2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual. |
| | LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical. |
| | LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. |
| | LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais. |
| | LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | |
| B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de | LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de |

| | |
|---|---|
| corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. | corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. |
| B3.4. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa. |
| B3.5. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos. | LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. |
| B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do verbo e as perífrases verbais e explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. |
| B3.7. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais. | LGB3.7.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto. |
| B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. |
| B3.9. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. |
| | |
| B4.1. Distinguir as funcións sociais da lingua e determinar a situación do galego respecto a elas. | LGB4.1.1. Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas. |
| B4.2. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica, determinar o papel da lusofonía, distinguir conceptos básicos de contacto de linguas e describir os fundamentos do ecolingüismo. | LGB4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. |
| | LGB4.2.2. Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



| | |
|---|---|
| | cultural e económica desde a perspectiva galega. |
| | LGB4.2.3. Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo. |
| B4.3. Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste. | LGB4.3.1. Describe a romanización e o nacemento das linguas romances. |
| | LGB4.3.2. Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato). |
| B4.4. Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar exemplos, así como distinguir as familias léxicas irregulares e utilizalas correctamente. | LGB4.4.1. Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo. |
| | LGB4.4.2. Distingue as familias léxicas irregulares e utilízaas correctamente. |
| | |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** | |
| B4.5. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo, o seu contexto e identificalo en textos. | LGB4.5.1. Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo. |
| | LGB4.5.2. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística. |
| | LGB4.5.3. Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios. |
| B4.6. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describir o seu contexto e identificalo en textos. | LGB4.6.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifícao en textos. |

| | |
|---|---|
| | LGB4.6.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística. |
| | LGB4.6.3. Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego. |
| | LGB4.6.4. Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios. |
| **Bloque 5. Educación literaria** | |
| B5.1. Definir "literatura" e "texto literario", caracterizar os diferentes xéneros e analizar os seus principais recursos formais e describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega. | LGB5.1.1. Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega. |
| | LGB5.1.2. Compara textos de diferentes xéneros, caracterizándoos a partir dos seus trazos formais e estruturais definitorios. |
| | LGB5.1.3. Adscribe á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega. |
| B5.2. Definir "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, historiar a súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade. | LGB5.2.1. Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade. |
| | LGB5.2.2. Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos. |
| B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura medieval: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, definir as características principais e analizar a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval. | LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval. |
| B5.4. Ler textos significativos da literatura medieval, identificar as súas características | LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízaos formal, estrutural e |

| | |
|---|---|
| temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. |
| B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais. | LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais. |
| B5.6. Ler textos significativos da literatura do galego medio, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da literatura do galego medio, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



## 2. Avaliación e cualificación

**A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.**

| | | |
|---|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br><br>Continuaremos cos establecidos na primeira e segunda avaliación.<br><br>Na terceira faremos exercicios de repaso e recuperación para reforzar os contidos das anteriores, seguindo os estándares e as competencias arriba marcadas | |
| | **Instrumentos:**<br><br>Neste terceiro trimestre seguimos con actividades de repaso de morfosintaxe, revisamos temas de literatura e sociolingüística e continuamos cos comentarios de textos e as lecturas propostas para esta avaliación.<br><br>Faremos exames telemáticos para a revisión da morfosintaxe e traballos de comentario crítico para a literatura e a sociolingüística | |
| **Cualificación final** | Será o resultado da media entre a primeira e a segunda avaliacións e revisarase sempre á alza en función do traballo e o dos resultados das probas obxectivas realizadas no terceiro trimestres.<br><br>No caso do alumnado con cualificación inferior a 5 puntos, realizarase **UNHA PROBA OBXECTIVA FINAL POR VÍA TELEMÁTICA**.<br><br>O alumnado coa materia aprobada poderá subir nota coa execución de tarefas<br><br>de repaso e ampliación , as cales sempre se revisarán á alza.<br><br>**1.- NOTA MEDIA DAS DÚAS PRIMEIRAS: 80%**<br><br>**2.- TAREFAS, COMENTARIOS, EXERCICIOS, RESUMOS DE LITERATURA. OU SOCIOLINGÜÍSTICA. 20%**<br><br>**O ALUMNADO QUE NON LOGRE ACADAR O 5 ESTARÁ SUSPENSO.**<br><br>**PARA PODER APROBAR TERÁ QUE REALIZAR AS ACTIVIDADES QUE** | |

| | |
|---|---|
| | **DESENVOLVEN @S COMPAÑEIR@S QUE DESEXEN SUBIR NOTA**<br><br>**Comentarios críticos, resumos de temas de literatura e sociolingüística, exercicios de revisión e repaso da morfosintaxe, traballo sobre o libro de lectura recomendado** |
| **Proba extraordinaria de setembro** | Como aínda non está clara a situación que pode haber no mes de setembro, barállanse dúas opcións para desenvolver esta proba:<br><br>a. **De poder realizar a proba presencial**, farase un exame sobre os contidos, atendendo aos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave que figuran na programación xeral, correspondentes ás dúas avaliacións presenciais do curso 2019/20.<br><br>b. **De manterse a restrición de alumnado ao centro** na data establecida para realizar a proba correspondente á convocatoria extraordinaria de setembro, o profesor indicaralle ao alumnado coa materia suspensa, a través da aula virtual, as tarefas que deberán facer para esta data. As actividades serán similares ás que se traballaron no trimestre final do curso, é dicir, comentarios críticos, resumos de temas de sociolingüística e de literatura e tarefas de tipo gramatical. |
| **Alumnado de materia pendente** | **Criterios de avaliación:** |
| | **Criterios de cualificación:** |
| | **Procedementos e instrumentos de avaliación:** |

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|---|
| **Actividades** | Dende o comezo do estado de alarma estase a utilizar a aula virtual do centro para subir actividades que o alumnado deberá realizar quincenalmente.<br><br>Na primeira semana acabaron de entregarse as tarefas que estaban pendentes de realizar antes de que fose interrompida a asistencia presencial do alumnado ao centro. Posteriormente, subiuse á aula virtual tarefas de repaso e de reforzo relacionadas cos contidos desenvolvidos das dúas avaliacións iniciais. Para reforzar contidos, incidirase especialmente na produción textual (comentarios críticos), xa que é a parte dos contidos que presente máis dificultades para o alumnado. O alumnado repasará os temas de sociolingüística e de literatura, mediante a realización de resumos. Outras actividades de repaso teñen que ver con aspectos gramaticais traballados este curso. Aproveitarase que o temario de literatura é moi teórico para realizar actividades de ampliación relacionadas cos tres últimos temas de literatura que estaban pendentes de explicar, porque non precisan unha explicación profunda, pois non deixan de ser un relatorio de períodos, autores e obras. Para traballar estes temas realizaranse esquemas, resumos e lecturas breves dalgúns textos relevantes. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Utilizarase a aula virtual do centro.<br><br>Abrirase un bloque específico dentro da aula virtual para subir todas as tarefas que o alumnado realizará ao longo do último trimestre.<br><br>Temos unha entrega semanal de actividades; os venres, a profesora sobe á aula os solucionarios coas respostas correctas. No caso dos comentarios, a corrección é individualizada<br><br>Farase un seguimento quincenal da entrega de actividades por parte do alumnado.<br><br>Empregarase o foro de novas para deixar avisos ao alumnado e, de ser preciso, utilizarase a mensaxería propia aula, e os correos que lles facilitou o profesor para que consulten todas as dúbidas que estimen oportunas. |
| **Materiais e recursos** | As actividades que teña que realizar o alumnado enviaráselles a través da aula virtual.<br><br>As actividades gramaticais serán de elaboración propia ou sacadas doutros |

| | |
|---|---|
| | manuais. Para as probas telemáticas elaboraranse cuestionarios de respostas múltiplas a través das tarefas que permite a aula virtual.<br><br>A comunicación co alumnado realizarase mediante a mensaxería , o foro de novas da aula virtual , os correos electrónicos ou o teléfono móbil |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


## 4. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

# 2º BAC

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| **Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B1.5. Realizar intervencións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade, con coherencia, cohesión corrección e adecuación. | LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e cohesionados (Competencias clave CAA, CCL).<br>LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e consulta borradores e esquemas (Competencia clave CAA).<br>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga (Competencias clave CCL).<br>LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos, a linguaxe corporal e o autocontrol das emoción ao falar en público (Competencias clave CCL, CSC, CSIEE).<br>LGB1.5.5. Exprésase con facilidade (Competencias clave CCL, CSIEE).<br>LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa (Competencia clave CCL). |
| B1.7. Expoñer oralmente, con rigor e claridade, un tema do ámbito académico ou divulgativo científico ou cultural. | LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética (Competencia clave CCL).<br>LGB1.7.2. Emprega un léxico preciso e especializado e evita coloquialismos e palabras comodín (Competencia clave CCL). |
| B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións sobre un tema de actualidade. | LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións dos interlocutores (Competencias clave CCL, CAA, CSC). |
| B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, social ou cotián, nun rexistro formal, neutro ou informal. | LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións da vida diaria, no estudo ou traballo e en conversas informais (Competencias clave CCL, CSC, CSIEE). |
| B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica erros na produción oral e produce discursos que respecten as regras prosódicas e fonéticas da lingua (Competencia clave CCL, CAA).<br>LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variedade dialectal propia e asúmea como habitual o seu contexto (Competencias clave CCL, CSC). |
| | |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos para interpretar e producir textos do ámbito académico, xornalístico, profesional ou empresarial. | LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas ou mapas de conceptos (Competencias clave CCL, CCA).<br>LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos (Competencia clave CCL). |

| | |
|---|---|
| | LGB2.1.3. Diferenza as ideas principais e secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos (Competencia clave CCL). |
| B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos adecuados á situación e intención comunicativa con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. | LGB2.2.1. Planifica os seus traballos e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final (Competencia clave CCL).<br>LGB2.2.2. Produce textos de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias ben cohesionadas (Competencias clave CCL, CSC). |
| B2.3. Realizar traballos académicos individuais ou en grupo sobre temas do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural. | LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical (Competencia clave CCL).<br>LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión á condicións da situación comunicativa e emprega os recursos do rexistro formal (Competencia clave CCL).<br>LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita coloquialismos e palabras comodín (Competencia clave CCL).<br>LGB2.3.4. Organiza os seus traballos, e defende as súas opinións con argumentos (Competencias clave CCL, CSC). |
| B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos do ámbito académico, xornalístico, profesional e empresarial. | LGB2.4.1. Describe os trazos lingüísticos de textos expositivos e argumentativos (Competencia clave CCL).<br>LGB2.4.2. Recoñece e explica os estilos directo, indirecto e indirecto libre (Competencia clave CCL). |
| B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e usar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura. | LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e recompila os datos máis relevantes (Competencias clave CCL, CD, CAA).<br>LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía (Competencias clave CCL, CD).<br>LGB2.5.3. Utiliza procesadores de textos e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros (Competencias clave CCL, CD). |
| B2.6. Analizar os procedementos de adecuación, coherencia e cohesión en producións propias ou alleas. | LGB2.6.1. Recoñece e utiliza recursos de cohesión gramatical e léxico-semántica (Competencias clave CCL, CAA).<br>LGB2.6.2. Describe os diferentes tipos de rexistro (Competencias clave CCL, CAA). |
| | |

## Bloque 3. Funcionamento da lingua

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| B3.1. Definir e identificar os fonemas do galego. | LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas da lingua galega (Competencias clave CCL, CAA, CCEC). |
| B3.2. Coñecer as variedades dialectais, explicar os seus trazos en manifestacións orais ou escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural. | LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural (Competencias clave CCL, CCEC). |
| B3.3. Recoñecer e explicar os procesos de formación de palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para enriquecer o vocabulario. | LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación de palabras (Competencias clave CCL, CAA).<br>LGB3.3.2. Recoñece e analiza os tipos de morfemas (Competencias clave CAA). |
| B3.4. Explicar as unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos adquiridos na produción de textos. | LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas e as súas relacións (Competencia clave CAA). |

| | |
|---|---|
| B3.5. Explicar as unidades e relacións semánticas. | LGB3.5.1. Identifica e explica as relación e unidades semánticas. |
| B3.7. Reflexionar sobre o sistema e normas de usos das linguas mediante comparación e transformación de textos, enunciados ou palabras para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos nunha das linguas para mellorar a comprensión e produción de textos traballados noutra (Competencias clave CCL, CAA). |
| | |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais ou en grupo nos que se analicen cuestión sociolingüísticas. | LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina as súas repercusións nos usos (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB4.1.2. Elabora traballos individuais ou en grupo en que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas (Competencias clave CCL, CSC). |
| B4.2. Describir o proceso de construción do estándar, recoñecer as interferencias lingüísticas, especialmente os castelanismos. | LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción do estándar (Competencias clave CCL).<br>LGB4.2.2. Recoñece as interferencias, especialmente os castelanismos, e libera o seu discurso deses elementos (Competencias clave CCL, CCEC). |
| B4.3. Distinguir as características do galego moderno de 1916 a 1978, identificalo en textos e describir o seu contexto. | LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (Competencia clave CCL).<br>LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno de 1978 á actualidade e a súa situación sociolingüística (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-78 no desenvolvemento posterior da lingua (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (de 1916 a 1978) en todo tipo de escritos (Competencias clave CCL). |
| B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno de 1978 á actualidade e identificalo en textos, recoñecelo como como lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre historia da lingua. | LG4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (Competencias clave CCL).<br>LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa de 1978 á actualidade no desenvolvemento do galego (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB4.4.4. Recoñece o galego como lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en todo tipo de textos de 1978 á actualidade (Competencias clave CCL). |
| B4.5. Elaborar una descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua e as súas principais características (Competencia clave CCL). |
| B4.6. Analizar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega (Competencias clave CCL, CSC). |
| | |

<table>
<tr><th colspan="2">Bloque 5. Educación literaria</th></tr>
<tr><td></td><td></td></tr>
<tr><th>Criterios de avaliación</th><th>Estándares de aprendizaxe</th></tr>
<tr><td>B5.1. Analizar a literatura galega de 1916 a 1936:<br>– A poesía: autores de vangarda e outros autores.<br>– A prosa: autores das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores.<br>– O teatro: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós.</td><td>LGB5.1.1. Analiza a poesía galega de 1916 a 1936: autores de vangarda e outros (Competencias clave CCL).<br>LGB5.1.2. Analiza a prosa galega de 1916 a 1936: autores das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores (Competencias clave CCL).<br>LGB5.1.3. Analiza o teatro galego de 1916 a 1936: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós (Competencia clave CCL).</td></tr>
<tr><td>B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto socio-histórico e sociolingüístico e o xénero ao que pertencen.</td><td>LGB5.2.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto (Competencias clave CCL).<br>LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal e tematicamente e ponos en relación co contexto (Competencias clave CCL).</td></tr>
<tr><td>B5.3. Analizar a literatura galega de 1936 a 1975:<br>– A poesía: produción bélica e autores do exilio. Xeración de 1936, Promoción de Enlace e Xeración das festas Minervais.<br>– A prosa: produción bélica e autores do exilio. Renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. Nova Narrativa Galega. Autores dos primeiros setenta.<br>– O teatro: teatro do exilio, Xeración dos 50 e grupo de Ribadavia.</td><td>LGB5.3.1. Analiza a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores do exilio, Xeración de 1936, Promoción de Enlace e Xeración das Festas Minervais (Competencia clave CCL).<br>LGB5.3.2. Analiza a prosa galega entre 1936 e 1975 (Competencia clave CCL).<br>LGB5.3.3. Analiza o teatro galego entre 1936 e 1976 (Competencia clave CCL).</td></tr>
<tr><td>B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto e o xénero ao que pertencen.</td><td>LGB5.4.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia clave CCL).<br>LGB5.4.2. Le e comenta textos significativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal e tematicamente e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia clave CCL).</td></tr>
<tr><td>B5.5. Analizar a literatura galega de 1975 á actualidade (poesía, prosa e teatro: xéneros, autores e estéticas e autores dos 80, 90 e o novo século).</td><td>LGB5.5.1. Analiza a poesía galega de 1975 á actualidade (Competencia clave CCL).<br>LGB5.5.2. Analiza a prosa galega de 1975 á actualidade (Competencia clave CCL).<br>LGB5.5.3. Analiza o teatro galego de 1975 á actualidade (Competencia clave CCL).</td></tr>
<tr><td>B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto e o xénero ao que pertencen.</td><td>LGB5.6.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1975 á actualidade, identifica as súas características e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia clave CCL).<br>LGB5.6.2. Le e comenta textos significativos da prosa galega de 1975 á actualidade, identifica as súas características e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia clave CCL).<br>LGB5.6.3. Le e comenta textos significativos do teatro galego de 1975 á actualidade, identifica as súas características e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia clave CCL).</td></tr>
</table>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

**A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.**

- **PROCEDEMENTOS:**

Seguiranse os establecidos na programación de referencia para a primeira e segunda avaliación. Na terceira avaliación realizaranse tarefas de repaso , reforzo ou recuperación dos contidos que se traballaron nos dous primeiros trimestres, atendendo sempre aos estándares de aprendizaxe e ás competencias clave referidas anteriormente.

- **INSTRUMENTOS:**

As tarefas que se propoñen para o trimestre final do curso son comentarios críticos, resumos de temas de sociolingüística e literatura e actividades de tipo gramatical (fonética, morfoloxía, semántica…).
Malia ás dificultades que provoca o traballo telemático, tampouco se pode esquecer a comprensión e a expresión oral. Neste caso valoraranse todas as intervencións orais que faga o alumnado a través de audio ou de videoconferencia.
Amais de realizar estas tarefas, faranse probas telemáticas para valorar o grao de asimilación dos contidos que se van repasar neste trimestre. Estes controis serán de dous tipos: cuestionarios de respostas múltiplas para os temas de sociolingüística e de literatura e probas escritas de respostas abertas onde terán especial protagonismo o comentario crítico e as cuestións gramaticais.

- **CUALIFICACIÓN FINAL**

- A cualificación final será a nota media da primeira e da segunda avaliación.
- O alumnado que, logo de facer a media das dúas avaliacións, acade unha cualificación de cinco ou superior ao cinco terá a materia aprobada.

c) **O alumnado coa materia aprobada pode subir a nota final realizando tarefas de repaso, reforzo e/ou ampliación.**
   - A realización destas tarefas nunca vai penalizar a cualificación final do alumnado.
   - A valoración da comprensión e expresión oral só se terá en conta para redondear a cualificación final.
   - Neste caso, a cualificación final acadarase tal e como se indica no cadro que figura a continuación:

| ALUMNADO APROBADO QUE QUERE SUBIR A NOTA FINAL | Porcentaxes parciais | | Porcentaxe final |
|---|---|---|---|
| **C. NOTA MEDIA DAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS** | | | **80%** |
| **D. TAREFAS + PROBA TELEMÁTICA** | | | |
| • **Actividades de repaso, reforzo e/ou ampliación** | | | |
| – Comentarios críticos | **20%** | | |
| – Resumos de temas de sociolingüística e literatura | **10%** | **70%** | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| – Actividades gramaticais (fonética, morfoloxía, semántica…) | **40%** | | **20%** |
| • **Proba telemática** | | **30%** | |
| – Teoría: cuestionario | **15%** | | |
| – Práctica: proba de respostas abertas | **15%** | | |

**d) O alumnado que logo de facer a media das dúas avaliacións acade unha cualificación inferior a cinco terá a materia suspensa.**

- Para poder aprobala, cómpre que realice actividades de recuperación que coincidirán coas que desenvolvan os compañeiros e compañeiras que optan á mellora da nota.
- Daquela, a cualificación final acadarase tal e como se indica no cadro que figura a continuación:

| ALUMNADO COA MATERIA SUSPENSA | Porcentaxes | |
|---|---|---|
| ■ **Actividades de recuperación:** | | **70%** |
| – Comentarios críticos | **20%** | |
| – Resumos de temas de sociolingüística e literatura | **10%** | |
| – Actividades gramaticais (fonética, morfoloxía, semántica…) | **40%** | |
| ■ **Proba telemática:** | | **30%** |
| – Teoría: cuestionario | **15%** | |
| – Práctica: proba de respostas abertas | **15%** | |

- **Algúns aspectos que se terán en conta tanto para o alumnado que pretende subir nota como para o que ten que recuperar a materia:**
  - Establécense dúas datas límite para a entrega de comentarios, resumos e actividades gramaticais. A primeira será o 3 de maio e a segunda o 25 do mesmo mes.
  - De non entregar as actividades dentro dos prazos correspondentes, non se computarán como realizadas.
  - As tarefas copiadas doutro compañeiro/a, as que sexan un corta e pega dos apuntamentos ou de páxinas de internet, así como as que teñan máis do 50% das respostas en branco tampouco se contarán como realizadas.
  - Para que as tarefas sexan valoradas, haberá que realizar máis do 85% das actividades gramaticais, e a mesma porcentaxe serve tanto para os comentarios como para os resumos, que se establezan en cada prazo de entrega.
  - A parte práctica da proba telemática ten que ser mecanografada. O emprego de calquera outro sistema, incluído o ditado a través do recoñecemento de voz, anularán esta tarefa.
  - As probas telemáticas que non se entreguen no prazo estipulado non contabilizarán como realizadas.

**PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO**

Como aínda non está clara a situación que pode haber no mes de setembro, barállanse dúas opcións para desenvolver esta proba:

c) **De poder realizar a proba presencial**, farase un exame sobre os contidos, atendendo aos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave que figuran na programación xeral, correspondentes ás dúas avaliacións presenciais do curso 2019/20.

d) **De manterse a restrición de alumnado ao centro** na data establecida para realizar a proba correspondente á convocatoria extraordinaria de setembro, o profesor indicaralle ao alumnado coa materia suspensa, a través da aula virtual, as tarefas que deberán facer para esta data. As actividades serán similares ás que se traballaron no trimestre final do curso, é dicir, comentarios críticos, resumos de temas de sociolingüística e de literatura e tarefas de tipo gramatical. Ademais, levarase a cabo unha proba telemática que responderá as mesmas características que as que se celebraron no terzo final do curso académico: cuestionario para os temas de sociolingüística e de literatura e proba de respostas abertas para os comentarios críticos e a parte gramatical. As porcentaxes para acadar a cualificación desta convocatoria son as mesmas que se van utilizar para acadar a nota final do alumnado con materia suspensa.

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

**ACTIVIDADES:**

Dende o comezo do estado de alarma estase a utilizar a aula virtual do centro para subir actividades que o alumnado deberá realizar quincenalmente.
Na primeira semana acabaron de entregarse as tarefas que estaban pendentes de realizar antes de que fose interrompida a asistencia presencial do alumnado ao centro. Posteriormente, subiuse á aula virtual tarefas de repaso e de reforzo relacionadas cos contidos desenvolvidos das dúas avaliacións iniciais. Para reforzar contidos, incidirase especialmente na produción textual (comentarios críticos), xa que é a parte dos contidos que presente máis dificultades para o alumnado. O alumnado repasará os temas de sociolingüística e de literatura, mediante a realización de resumos onde tratarán de adaptar os textos ao número aproximado de palabras que se pide na proba ABAU. Outras actividades de repaso teñen que ver con aspectos gramaticais traballados este curso. Aproveitarase que o temario de literatura é moi teórico para realizar actividades de ampliación relacionadas cos tres últimos temas de literatura que estaban pendentes de explicar, porque non precisan unha explicación profunda, pois non deixan de ser un relatorio de períodos, autores e obras. Para traballar estes temas realizaranse esquemas, resumos e lecturas breves dalgúns textos relevantes.

**METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)**

Utilizarase, como xa se fixo ao longo do curso, a aula virtual do centro. Nela teñen todo o temario do curso, xunto coas actividades que se desenvolveron nas dúas primeiras avaliacións.
Abrirase un bloque específico dentro da aula virtual para subir todas as tarefas que o alumnado realizará ao longo do último trimestre.
Haberá dúas datas de entrega de tarefas: o tres de maio e o vinte e cinco do mesmo mes. Despois destas datas, o profesor subirá á aula as solucións coas respostas correctas e, de ser o caso, coas explicacións pertinentes, para que o propio alumnado revise as súas tarefas.
Farase un seguimento quincenal da entrega de actividades por parte do alumnado.
Empregarase o foro de novas para deixar avisos ao alumnado e, de ser preciso, utilizarase a mensaxería propia aula, e os correos que lles facilitou o profesor para que consulten todas as dúbidas que estimen oportunas.
Contactarase cos pais a través do EspazoAbalar en caso de que haxa algunha incidencia coa conectividade do alumnado ou coa realización das tarefas.
Desde o momento en que a Consellería habilitou o sistema de videoconferencia Webex tamén se utilizou como unha ferramenta máis á hora de realizar a docencia telemática.
Neste nivel non hai excesivos problemas coa conectividade do alumnado.

**MATERIAIS E RECURSOS**

As actividades que teña que realizar o alumnado enviaráselles a través da aula virtual, xa que aquí é onde se encontran os temarios do curso, o que lles facilitará a consulta á hora de responder as distintas tarefas.
Os textos para desenvolver os comentarios críticos tiraranse de probas ABAU anteriores, de xornais, de obras literarias..., e as actividades gramaticais serán de elaboración propia ou sacadas doutros

manuais. Para as probas telemáticas elaboraranse cuestionarios de respostas múltiplas a través das tarefas que permite a aula virtual.

A comunicación co alumnado realizarase mediante a mensaxería e o foro de novas da aula virtual, o sistema de videoconferencia Webex, os correos electrónicos, e para a comunicación cos pais empregarase o espazo abalar.

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



## 4. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN

# BACHARELATO SEMIPRESENCIAL

# 1º BAC – AD

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


**ÍNDICE**

- **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- **Avaliación e cualificación.**
- **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- **Información e publicidade.**

- **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| **Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias). | LGB1.2.1.Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.<br>LGB1.2.2.Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia. |
| B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.<br>LGB1.7.2.Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).<br>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.<br>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade. | LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.<br>LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe<br>LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os sub-temas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.<br>LGB2.1.1.Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.<br>LGB2.1.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección |

| | |
|---|---|
| | ortográfica e gramatical<br>LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audio-visuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto. |
| B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación | LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.<br>LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.<br>LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións.<br>LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.<br>LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. |
| B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | LGB2.3.1.Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios).<br>LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.<br>LGB2.3.3.Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo.<br>LGB2.3.4.Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e do xénero textual.<br>LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.<br>LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín. |
| B2.4. Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión. | LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.<br>LGB2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios.<br>LGB2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios. |
| B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a | LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


| | |
|---|---|
| distintos ámbitos de uso. | contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares. |
| B2.6., B2.7., B2.8., B2.9. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos, narrativos, argumentativos e dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso. | LGB2.6.1., LGB2.7.1., LGB2.8.1., LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos, narrativos, argumentativos e dialogados. |
| **Bloque 3. Funcionamento da lingua** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. | LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección. |
| B3.4., B3.5., B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo, adxectivo, determinantes, verbo e perífrases verbais e explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.4.1., LGB3.5.1., LGB3.6.1.Identifica e explica os usos e valores do substantivo, adxectivo, determinantes, verbo, adverbio e pronome nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa. |
| B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. |
| B3.9. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos. | LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. |
| | |
| **Bloque 4. Lingua e sociedade** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B4.2. Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica, determinar o papel da lusofonía, distinguir conceptos básicos de contacto de linguas e describir os fundamentos do ecolingüismo. | LGB4.2.1. Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.<br>LGB4.2.2. Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega.<br>LGB4.2.3. Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo. |

| | |
|---|---|
| B4.3. Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste. | LGB4.3.1. Describe a romanización e o nacemento das linguas romances.<br>LGB4.3.2. Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato). |
| B4.5. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo, o seu contexto e identificalo en textos. | LGB4.5.1. Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo.<br>LGB4.5.2. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística.<br>LGB4.5.3. Identifica o galego antigo en documentos non literarios e literarios. |
| B4.6. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describir o seu contexto e identificalo en textos. | LGB4.6.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifícao en textos.<br>LGB4.6.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística.<br>LGB4.6.3. Analiza a repercusión desta etapa de dialectalización da lingua no desenvolvemento posterior do galego.<br>LGB4.6.4. Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios. |
| B4.7. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916), describir o seu contexto e identificalo en textos, elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos anteriores a 1916. | LGB4.7.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916).<br>LGB4.7.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística.<br>LGB4.7.3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua.<br>LGB4.7.4. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios.<br>LGB4.7.5. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916. |
| **Bloque 5. Educación literaria** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B5.1. Definir "literatura" e "texto literario", caracterizar os diferentes xéneros e analizar os seus principais recursos formais e describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega. | LGB5.1.1. Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.<br>LGB5.1.2. Compara textos de diferentes xéneros, caracterizándoos a partir |

| | |
|---|---|
| | dos seus trazos formais e estruturais definitorios.<br>LGB5.1.3. Adscribe á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega. |
| B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura medieval: contextualizar sociohistórica e socio-lingüisticamente as súas orixes, definir as características principais e analizar a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval. | LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e socio-lingüisticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval. |
| B5.4. Ler textos significativos da literatura medieval, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico |
| B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualizar sociohistórica e socio-lingüisticamente a produción desta etapa, e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais. | LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e socio-lingüisticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais. |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



- **Avaliación e cualificación**

**A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación te ranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.**

- **PROCEDEMENTOS:**

Seguiranse os establecidos na programación de referencia para a primeira e segunda avaliación. Na terceira avaliación realizaranse tarefas de repaso , reforzo ou recuperación dos contidos que se traballaron nos dous primeiros trimestres, atendendo sempre aos estándares de aprendizaxe e ás competencias clave referidas anteriormente.

- **INSTRUMENTOS:**

As tarefas que se propoñen para o trimestre final do curso son resumos de temas do bloque de lingua e sociedade, de temas de literatura literatura e de actividades de morfoloxía.
Amais de realizar estas tarefas, faranse probas telemáticas para valorar o grao de asimilación dos contidos que se van repasar neste trimestre. Estes controis serán de dous tipos: cuestionarios de respostas múltiplas para os temas do bloque de lingua e sociedade e de literatura, e probas escritas de respostas abertas onde terán especial protagonismo as cuestións morfolóxicas.

- **CUALIFICACIÓN FINAL**

- A cualificación final será a nota media da primeira e da segunda avaliación.
- O alumnado que, logo de facer a media das dúas avaliacións, acade unha cualificación de cinco ou superior ao cinco terá a materia aprobada.

e) **O alumnado coa materia aprobada pode subir a nota final realizando tarefas de repaso, reforzo e/ou ampliación.**
   - A realización destas tarefas nunca vai penalizar a cualificación final do alumnado.
   - Neste caso, a cualificación final acadarase tal e como se indica no cadro que figura a continuación:

| ALUMNADO APROBADO QUE QUERE SUBIR A NOTA FINAL | Porcentaxes parciais | | Porcentaxe final |
|---|---|---|---|
| **E. NOTA MEDIA DAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS** | | | **80%** |
| **F. TAREFAS + PROBA TELEMÁTICA** | | | **20%** |
| • **Actividades de repaso, reforzo e/ou ampliación** | | **50%** | |
| – Resumos | **10%** | | |
| – Actividades gramaticais | **40%** | | |
| • **Proba telemática** | | **50%** | |
| – Teoría: cuestionario | **25%** | | |
| – Práctica: proba de respostas abertas | **25%** | | |

f) **O alumnado que logo de facer a media das dúas avaliacións acade unha cualificación inferior a cinco terá a materia suspensa.**
   - Para poder aprobala, cómpre que realice actividades de recuperación que coincidirán coas que desenvolvan os compañeiros e compañeiras que optan á mellora da nota.
   - Daquela, a cualificación final acadarase tal e como se indica no cadro que figura a continuación:

| ALUMNADO COA MATERIA SUSPENSA | | Porcentaxes |
|---|---|---|
| ■ **Actividades de recuperación:** | | **50%** |
| – Resumos | **10%** | |
| – Actividades gramaticais | **40%** | |
| ■ **Proba telemática:** | | **50%** |
| – Teoría: cuestionario | **25%** | |
| – Práctica: proba de respostas abertas | **25%** | |

- **Algúns aspectos que se terán en conta tanto para o alumnado que pretende subir nota como para o que ten que recuperar a materia:**
  - Establécese o 10 de xuño como data límite para a entrega de resumos e actividades gramaticais.
  - De non entregar as actividades dentro do prazo correspondente, non se computarán como realizada.
  - As tarefas copiadas doutro compañeiro/a, as que sexan un corta e pega dos apuntamentos ou de páxinas de internet, así como as que teñan máis do 50% das respostas en branco tampouco se contarán como realizadas.
  - Para que as tarefas sexan valoradas, haberá que realizar máis do 85% das actividades gramaticais, e a mesma porcentaxe serve para os resumos que se pidan.
  - A parte práctica da proba telemática ten que ser mecanografada. O emprego de calquera outro sistema, incluído o ditado a través do recoñecemento de voz, anulará esta tarefa.
  - As probas telemáticas que non se entreguen no prazo estipulado non contabilizarán como realizadas.

**PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO**

Como aínda non está clara a situación que pode haber no mes de setembro, barállanse dúas opcións para desenvolver esta proba:

e) **De poder realizar a proba presencial**, farase un exame sobre os contidos, atendendo aos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave que figuran na programación xeral, correspondentes ás dúas avaliacións presenciais do curso 2019/20.

f) **De manterse a restrición de alumnado ao centro** na data establecida para realizar a proba correspondente á convocatoria extraordinaria de setembro, o profesor indicaralle ao alumnado coa materia suspensa, a través da aula virtual, as tarefas que deberán facer para esa data. As actividades serán similares ás que se traballaron no trimestre final do curso, é dicir, resumos dos contidos do bloque de lingua e sociedade, resumos de literatura e tarefas

de tipo gramatical. Ademais, levarase a cabo unha proba telemática que responderá as mesmas características que as que se celebraron no terzo final do curso académico: cuestionario para os contidos de lingua e sociedade e tamén para os de literatura, e proba de respostas abertas para a parte gramatical. As porcentaxes para acadar a cualificación desta convocatoria son as mesmas que se van utilizar para acadar a nota final do alumnado con materia suspensa.

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


- **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

## METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

## ACTIVIDADES:

Dende o comezo do estado de alarma estase a utilizar a aula virtual do centro para subir actividades que o alumnado deberá realizar quincenalmente. Xa que logo, trátase de tarefas de repaso e de reforzo relacionadas cos contidos desenvolvidos nas dúas avaliacións iniciais. O alumnado repasará os temas de lingua e sociedade e de literatura, mediante a realización de resumos. Outras actividades de repaso teñen que ver con aspectos gramaticais traballados este curso. Aproveitarase que o temario de literatura é moi teórico para realizar actividades de ampliación relacionadas cos últimos temas de literatura que estaban pendentes de expoñer.

## METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)

Utilizarase, como xa se fixo ao longo do curso, a aula virtual do centro. Nela teñen todo o temario do curso, xunto coas actividades que se desenvolveron nas dúas primeiras avaliacións.
Abrirase un bloque específico dentro da aula para subir todas as tarefas que o alumnado realizará ao longo do último trimestre.
Empregarase o foro de novas para deixar avisos ao alumnado e, de ser preciso, utilizarase a mensaxería da propia aula, e os correos que lles facilitou o profesor para que consulten todas as dúbidas que estimen oportunas.
Mediante o contacto co alumnado tamén se tentarán detectar as posibles incidencias e dúbidas que teña o alumnado tanto de conectividade como á hora de realizar e enviar as tarefas.
De ser posible, utilizarase o servizo de videoconferencia Webex, malia que o horario laboral de moitos destes alumnos pode dificultar o seu uso.

## MATERIAIS E RECURSOS

Os temas, e moitas das actividades que terá que resolver o alumnado pertencen ao temario do IES San Clemente, deseñado para traballar con estudantes adultos. Outras tarefas que teña que realizar o alumnado enviaráselle a través da aula virtual, xa que aquí é onde se encontran os temarios do curso, o que lles facilitará a consulta á hora de responder as distintas propostas de traballo.
Para as probas telemáticas elaboraranse cuestionarios de respostas múltiplas a través das tarefas que permite a aula virtual.
A comunicación co alumnado realizarase mediante a mensaxería e o foro de novas da aula virtual, o sistema de videoconferencia Webex, os correos electrónicos, e para a comunicación cos pais empregarase o espazo abalar.

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


| • Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN

# BACHARELATO SEMIPRESENCIAL

# 2º BAC – AD

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| **Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B1.5. Realizar intervencións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade, con coherencia, cohesión corrección e adecuación. | LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e cohesionados (Competencias clave CAA, CCL).<br>LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e consulta borradores e esquemas (Competencia clave CAA).<br>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga (Competencias clave CCL).<br>LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos, a linguaxe corporal e o autocontrol das emoción ao falar en público (Competencias clave CCL, CSC, CSIEE).<br>LGB1.5.5. Exprésase con facilidade (Competencias clave CCL, CSIEE).<br>LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa (Competencia clave CCL). |
| B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e intención comunicativa, con coherencia, cohesión e corrección. | LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación comunicativa, con coherencia, cohesión e corrección (Competencias clave CCL).<br>LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións, fraseoloxía e formas propias do idioma (Competencias clave CCL).<br><br>LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado (Competencia clave CCL). |
| | |
| **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos para interpretar e producir textos do ámbito académico, xornalístico, profesional ou empresarial. | LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas ou mapas de conceptos (Competencias clave CCL, CCA).<br>LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos (Competencia clave CCL).<br>LGB2.1.3. Diferenza as ideas principais e secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos (Competencia clave CCL). |
| B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos adecuados á situación e intención comunicativa con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. | LGB2.2.1. Planifica os seus traballos e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final (Competencia clave CCL).<br>LGB2.2.2. Produce textos de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias ben cohesionadas (Competencias clave CCL, CSC). |
| B2.3. Realizar traballos académicos individuais ou en grupo sobre temas do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural. | LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical (Competencia clave CCL). |

| | |
|---|---|
| | LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión á condicións da situación comunicativa e emprega os recursos do rexistro formal (Competencia clave CCL).<br>LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita coloquialismos e palabras comodín (Competencia clave CCL).<br>LGB2.3.4. Organiza os seus traballos, e defende as súas opinións con argumentos (Competencias clave CCL, CSC). |
| B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos do ámbito académico, xornalístico, profesional e empresarial. | LGB2.4.1. Describe os trazos lingüísticos de textos expositivos e argumentativos (Competencia clave CCL).<br>LGB2.4.2. Recoñece e explica os estilos directo, indirecto e indirecto libre (Competencia clave CCL). |
| B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e usar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura. | LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e recompila os datos máis relevantes (Competencias clave CCL, CD, CAA).<br>LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía (Competencias clave CCL, CD).<br>LGB2.5.3. Utiliza procesadores de textos e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros (Competencias clave CCL, CD). |
| B2.6. Analizar os procedementos de adecuación, coherencia e cohesión en producións propias ou alleas. | LGB2.6.1. Recoñece e utiliza recursos de cohesión gramatical e léxico-semántica (Competencias clave CCL, CAA).<br>LGB2.6.2. Describe os diferentes tipos de rexistro (Competencias clave CCL, CAA). |
| | |

## Bloque 3. Funcionamento da lingua

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| B3.1. Definir e identificar os fonemas do galego. | LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas da lingua galega (Competencias clave CCL, CAA, CCEC). |
| B3.2. Coñecer as variedades dialectais, explicar os seus trazos en manifestacións orais ou escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural. | LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural (Competencias clave CCL, CCEC). |
| B3.3. Recoñecer e explicar os procesos de formación de palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para enriquecer o vocabulario. | LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación de palabras (Competencias clave CCL, CAA).<br>LGB3.3.2. Recoñece e analiza os tipos de morfemas (Competencias clave CAA). |
| B3.4. Explicar as unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos adquiridos na produción de textos. | LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas e as súas relacións (Competencia clave CAA). |
| B3.5. Explicar as unidades e relacións semánticas. | LGB3.5.1. Identifica e explica as relación e unidades semánticas. |
| B3.7. Reflexionar sobre o sistema e normas de usos das linguas mediante comparación e transformación de textos, enunciados ou palabras para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos nunha das linguas para mellorar a comprensión e produción de textos traballados noutra (Competencias clave CCL, CAA). |
| | |

## Bloque 4. Lingua e sociedade

| | |
|---|---|
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais ou en grupo nos que se analicen cuestión sociolingüísticas. | LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina as súas repercusións nos usos (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB4.1.2. Elabora traballos individuais ou en grupo en que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas (Competencias clave CCL, CSC). |
| B4.2. Describir o proceso de construción do estándar, recoñecer as interferencias lingüísticas, especialmente os castelanismos. | LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción do estándar (Competencias clave CCL).<br>LGB4.2.2. Recoñece as interferencias, especialmente os castelanismos, e libera o seu discurso deses elementos (Competencias clave CCL, CCEC). |
| B4.3. Distinguir as características do galego moderno de 1916 a 1978, identificalo en textos e describir o seu contexto. | LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (Competencia clave CCL).<br>LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno de 1978 á actualidade e a súa situación sociolingüística (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-78 no desenvolvemento posterior da lingua (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (de 1916 a 1978) en todo tipo de escritos (Competencias clave CCL). |
| B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno de 1978 á actualidade e identificalo en textos, recoñecelo como como lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre historia da lingua. | LG4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (Competencias clave CCL).<br>LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa de 1978 á actualidade no desenvolvemento do galego (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB4.4.4. Recoñece o galego como lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades (Competencias clave CCL, CSC).<br>LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en todo tipo de textos de 1978 á actualidade (Competencias clave CCL). |
| | |
| **Bloque 5. Educación literaria** | |
| | |
| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** |
| B5.1. Analizar a literatura galega de 1916 a 1936:<br>– A poesía: autores de vangarda e outros autores.<br>– A prosa: autores das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores.<br>– O teatro: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós. | LGB5.1.1. Analiza a poesía galega de 1916 a 1936: autores de vangarda e outros (Competencias clave CCL).<br>LGB5.1.2. Analiza a prosa galega de 1916 a 1936: autores das Irmandades, Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores (Competencias clave CCL).<br>LGB5.1.3. Analiza o teatro galego de 1916 a 1936: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós (Competencia clave CCL). |
| B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto socio-histórico e sociolingüístico e o xénero ao que pertencen. | LGB5.2.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto (Competencias clave CCL).<br>LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal e |

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/



| | |
|---|---|
| | tematicamente e ponos en relación co contexto (Competencias clave CCL). |
| B5.3. Analizar a literatura galega de 1936 a 1975:<br>– A poesía: produción bélica e autores do exilio. Xeración de 1936, Promoción de Enlace e Xeración das festas Minervais.<br>– A prosa: produción bélica e autores do exilio. Renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. Nova Narrativa Galega. Autores dos primeiros setenta.<br>– O teatro: teatro do exilio, Xeración dos 50 e grupo de Ribadavia. | LGB5.3.1. Analiza a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores do exilio, Xeración de 1936, Promoción de Enlace e Xeración das Festas Minervais (Competencia clave CCL).<br>LGB5.3.2. Analiza a prosa galega entre 1936 e 1975 (Competencia clave CCL).<br>LGB5.3.3. Analiza o teatro galego entre 1936 e 1976 (Competencia clave CCL). |
| B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto e o xénero ao que pertencen. | LGB5.4.1. Le e comenta textos significativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia clave CCL).<br>LGB5.4.2. Le e comenta textos significativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal e tematicamente e ponos en relación co contexto e o xénero ao que pertencen (Competencia clave CCL). |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

**A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.**

- **PROCEDEMENTOS:**

Seguiranse os establecidos na programación de referencia para a primeira e segunda avaliación.
Na terceira avaliación realizaranse tarefas de repaso , reforzo ou recuperación dos contidos que se traballaron nos dous primeiros trimestres, atendendo sempre aos estándares de aprendizaxe e ás competencias clave referidas anteriormente.

- **INSTRUMENTOS:**

As tarefas que se propoñen para o trimestre final do curso son comentarios críticos, resumos de temas de sociolingüística e literatura e actividades de tipo gramatical (fonética, morfoloxía, semántica…).
Amais de realizar estas tarefas, faranse probas telemáticas para valorar o grao de asimilación dos contidos que se van repasar neste trimestre. Estes controis serán de dous tipos: cuestionarios de respostas múltiplas para os temas de sociolingüística e de literatura e probas escritas de respostas abertas onde terán especial protagonismo o comentario crítico e as cuestións gramaticais.

- **CUALIFICACIÓN FINAL**

  - A cualificación final será a nota media da primeira e da segunda avaliación.
  - O alumnado que, logo de facer a media das dúas avaliacións, acade unha cualificación de cinco ou superior ao cinco terá a materia aprobada.

g) **O alumnado coa materia aprobada pode subir a nota final realizando tarefas de repaso, reforzo e/ou ampliación.**
   - A realización destas tarefas nunca vai penalizar a cualificación final do alumnado.
   - Neste caso, a cualificación final acadarase tal e como se indica no cadro que figura a continuación:

| ALUMNADO APROBADO QUE QUERE SUBIR A NOTA FINAL | Porcentaxes parciais | | Porcentaxe final |
|---|---|---|---|
| **G. NOTA MEDIA DAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS** | | | **80%** |
| **H. TAREFAS + PROBA TELEMÁTICA** | | | **20%** |
| **• Actividades de repaso, reforzo e/ou ampliación** | | **70%** | |
| – Comentarios críticos | **20%** | | |
| – Resumos de temas de sociolingüística e literatura | **10%** | | |
| – Actividades gramaticais (fonética, morfoloxía, semántica…) | **40%** | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| • **Proba telemática** | | **30%** | |
| – Teoría: cuestionario | **15%** | | |
| – Práctica: proba de respostas abertas | **15%** | | |

h) **O alumnado que logo de facer a media das dúas avaliacións acade unha cualificación inferior a cinco terá a materia suspensa.**
   - Para poder aprobala, cómpre que realice actividades de recuperación que coincidirán coas que desenvolvan os compañeiros e compañeiras que optan á mellora da nota.
   - Daquela, a cualificación final acadarase tal e como se indica no cadro que figura a continuación:

| ALUMNADO COA MATERIA SUSPENSA | Porcentaxes | |
|---|---|---|
| ■ **Actividades de recuperación:** | | **70%** |
| – Comentarios críticos | **20%** | |
| – Resumos de temas de sociolingüística e literatura | **10%** | |
| – Actividades gramaticais (fonética, morfoloxía, semántica…) | **40%** | |
| ■ **Proba telemática:** | | **30%** |
| – Teoría: cuestionario | **15%** | |
| – Práctica: proba de respostas abertas | **15%** | |

- **Algúns aspectos que se terán en conta tanto para o alumnado que pretende subir nota como para o que ten que recuperar a materia:**
  - Establécese como data límite para a entrega de comentarios, resumos e actividades gramaticais o 25 de maio.
  - De non entregar as actividades dentro dos prazos correspondentes, non se computarán como realizadas.
  - As tarefas copiadas doutro compañeiro/a, as que sexan un corta e pega dos apuntamentos ou de páxinas de internet, así como as que teñan máis do 50% das respostas en branco tampouco se contarán como realizadas.
  - Para que as tarefas sexan valoradas, haberá que realizar máis do 85% das actividades gramaticais, e a mesma porcentaxe serve tanto para os comentarios como para os resumos, que se establezan en cada prazo de entrega.
  - A parte práctica da proba telemática ten que ser mecanografada. O emprego de calquera outro sistema, incluído o ditado a través do recoñecemento de voz, anularán esta tarefa.
  - As probas telemáticas que non se entreguen no prazo estipulado non contabilizarán como realizadas.

**PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO**

Como aínda non está clara a situación que pode haber no mes de setembro, barállanse dúas opcións para desenvolver esta proba:

g) **De poder realizar a proba presencial**, farase un exame sobre os contidos, atendendo aos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave que figuran na programación xeral, correspondentes ás dúas avaliacións presenciais do curso 2019/20.

h) **De manterse a restrición de alumnado ao centro** na data establecida para realizar a proba correspondente á convocatoria extraordinaria de setembro, o profesor indicaralle ao alumnado coa materia suspensa, a través da aula virtual, as tarefas que deberán facer para esa data. As actividades serán similares ás que se traballaron no trimestre final do curso, é dicir, comentarios críticos, resumos de temas de sociolingüística e de literatura e tarefas de tipo gramatical. Ademais, levarase a cabo unha proba telemática que responderá as mesmas características que as que se celebraron no terzo final do curso académico: cuestionario para os temas de sociolingüística e de literatura e proba de respostas abertas para os comentarios críticos e a parte gramatical. As porcentaxes para acadar a cualificación desta convocatoria son as mesmas que se van utilizar para acadar a nota final do alumnado con materia suspensa.

**ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE**

Neste nivel había unha alumna matriculada en Lingua Galega e Literatura de 1º de BAC, pero xa aprobou a materia nunha das convocatorias que se realizaron antes do terceiro trimestre.

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n-27880 Burela (LUGO)
Teléfono:982828241 Fax: 982828255
E-Mail: ies.monte.castelo@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/


## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

### ACTIVIDADES:

Dende o comezo do estado de alarma estase a utilizar a aula virtual do centro para subir actividades que o alumnado deberá realizar e entregar no prazo establecido.
Na plataforma dixital encóntranse tarefas de repaso e de reforzo relacionadas cos contidos desenvolvidos nas dúas avaliacións iniciais. Para reforzar contidos, incidirase especialmente na produción textual (comentarios críticos), xa que é a parte dos contidos que presente máis dificultades para o alumnado. Ademais, repasarán os temas de sociolingüística e de literatura, mediante a realización de resumos onde tratarán de adaptar os textos ao número aproximado de palabras que se pide na proba ABAU. Outras actividades de repaso teñen que ver con aspectos gramaticais traballados este curso. Aproveitarase que o temario de literatura é moi teórico para realizar algunha actividade de ampliación relacionada cos últimos temas de literatura que estaban pendentes de explicar, porque non precisan unha explicación profunda, pois non deixan de ser un relatorio de períodos, autores e obras. Para traballar estes temas realizaranse esquemas, resumos e lecturas breves dalgúns textos relevantes.

### METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)

Utilizarase, como xa se fixo ao longo do curso, a aula virtual do centro. Nela teñen todo o temario do curso, xunto coas actividades que se desenvolveron nas dúas primeiras avaliacións.
Abrirase un bloque específico dentro da aula virtual para subir todas as tarefas que o alumnado realizará ao longo do último trimestre.
Haberá unha data de entrega de tarefas: o vinte e cinco de maio, pero farase un seguimento quincenal do traballo que vaia realizando o alumnado.
Empregarase o foro de novas para deixar avisos ao alumnado e, de ser preciso, utilizarase a mensaxería propia aula, e os correos que se lles facilitaron para que consulten todas as dúbidas que estimen oportunas.
Desde o momento en que a Consellería habilitou o sistema de videoconferencia Webex tamén se utilizará como unha ferramenta máis á hora de impartir a docencia telemática.
Por último, cómpre comentar que neste nivel non hai excesivos problemas coa conectividade do alumnado.

### MATERIAIS E RECURSOS

As actividades que teña que realizar o alumnado enviaráselles a través da aula virtual, xa que aquí é onde se encontran os temarios do curso, o que lles facilitará a consulta á hora de responder as distintas tarefas.
Os textos para desenvolver os comentarios críticos tiraranse de probas ABAU anteriores, de xornais, de obras literarias…, e as actividades gramaticais serán de elaboración propia ou sacadas doutros manuais. Para as probas telemáticas elaboraranse cuestionarios de respostas múltiplas a través das tarefas que permite a aula virtual.

A comunicación co alumnado realizarase mediante a mensaxería e o foro de novas da aula virtual, o sistema de videoconferencia Webex e os correos electrónicos.

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |